

Casa Reitoral de Lodoselo

060123

Datos de Localización

Casa Reitoral

Nomenclator: 3207805
Coord. UTM: X: 61660514
Y: 465886895
Concello: Sarreaus
Parroquia: LODOSELO
Lugar: Lodoselo
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Casas Reitorais
Subtipo: Casa Reitoral



Denominación: Casa Reitoral de Lodoselo
Etaapa Histórica: Idade Contemporánea
Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

A casa reitoral de Lodoselo está situada ao carón da Igrexa Parroquial de Santa María. Artéllase en torno a un patio interior ao que se accede por un portón situado ao Leste. A vivenda, resultado do adosamento de dous corpos perpendiculares, presenta planta en forma de L, con muros encintados con cemento que combinan perpiaños irregulares con cachotería, e distribúese en dúas alturas con cuberta de tella plana. O acceso á vivenda realízase por unhas escaleiras de dous tramos situadas no esquinall interior que conforman os dous corpos.

O corpo principal da vivenda, con orientación L-O, presenta unha solaina con varanda de ferro, froito do desenrolo do patín, e conserva na planta superior a lareira con cambota realizada con grandes perpiaños e apoiada nos muros e nun piar coas arestas achafranadas. Esta proxéctase cara o exterior nunha cheminea con remate ameado, de gran monumentalidade e realizada con perpiaños regulares.

Adosado ao corpo perpendicular dispónse un forno sen edificación exterior e protexido cun pequeno tellado. Está construído con perpiaño regular e ten o frontal recto con lareira corrida, non conservando o chapilé.

Cerrando o patio polo lado Sur dispóñense os alpendres. Conformen estes un corpo horizontal, cun muro exterior de perpiaño irregular combinado con cachotería, estando aberto no interior e sustentándose o tellado, a unha soa auga, nos muros laterais e nun piar central realizado con perpiaño concertado. Ao pé deste corpo existe un pozo.

Características Construtivas

Plantas: B+1
Edif. Anexas: Alpendres
Mat. Fachada: Granito
Mat. Estrutura: Granito
Mat. Cuberta: Tella

Elementos sinquale

Elementos Orgánicos

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Integral

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Social

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Colocación de portas e ventás de aluminio.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











